

SIMONE DE BEAUVOIR (texto 1): O segundo sexo, vol I: “Os feitos e os mitos”.

"(...) o que define dunha maneira singular a situación da muller é que, sendo como todo ser humano unha liberdade autónoma, descóbrese e escóllese nun mundo en que os homes lle impoñen asumirse como a Outra: preténdese fixala como obxecto e consagrala á inmanencia, xa que a súa transcendencia será permanentemente transcendida por outra consciencia esencial e soberana. O drama da muller é este conflito entre a reivindicación fundamental de todo suxeito, que se presenta sempre como o esencial, e as esixencias dunha situación que a constitúe como inesencial. ¿Como se pode realizar un ser humano dentro da condición feminina? ¿Que camiños lle están abertos? ¿Cales conducen a unha rúa cega? ¿Como atopar a independencia no seo da dependencia? ¿Que circunstancias limitan a liberdade da muller e cales pode superar? Estas son as cuestións fundamentais que nos gustaría elucidar. Queremos dicir que, interesándonos nas oportunidades do individuo, non definiremos esas oportunidades en termos de felicidade, senón en termos de liberdade."

BEAUVOIR, S.: O segundo sexo, vol. I: “Os feitos e os mitos”.

SIMONE DE BEAUVOIR (texto 2): O segundo sexo, vol II: “A experiencia vivida”.

"Non se nace muller, chégase a selo. Ningún destino biolóxico, psíquico, económico, define a imaxe que reviste a femia humana no seo da sociedade; é o conxunto da civilización o que elabora este produto intermedio entre o macho e o castrado que se cualifica de feminino. Só a mediación dos demais pode constituir a un individuo como un Outro. Namentres que a criatura exista só para si, non podería captarse como sexualmente diferenciada.

Entre as nenas e os nenos, o corpo é, en primeiro lugar, o resplandor dunha subxectividade, o instrumento que efectúa a comprensión do mundo: eles apreenden o universo a través dos ollos, as mans, e non a través das partes sexuais."

BEAUVOIR, S.: O segundo sexo, vol II: “A experiencia vivida”.